



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



HT
Herald Toupeiras
Estamos X ti



News Semanais

Do 23 ao 28 de maio

2016

INDICE:

1. [QUERES RECIBIR AS NOSAS NOVAS NA TÚA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO?](#)
2. [ÚLTIMAS INFORMACIÓNS NA NOVA WEB DO HERALD TOUPEIRAS](#)
3. [CSI-F PIDE UN PLAN URXENTE PARA REFORZAR AS PLANTILLAS PÚBLICAS E MELLORAR AS SÚAS CONDICIÓN LABORAIS](#)
4. [CALENDARIO ELECTORAL E VOTO POR CORREO PARA AS ELECCIÓN DO 26 DE XUÑO](#)
5. [A XUNTA APROBA O PLADIGA 2016, QUE MANTÉN O ESFORZO NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE CARA Á TEMPADA DE RISCO ALTO](#)
6. [EL 40% DE LOS ESPAÑOLES EN EDAD LABORAL NI TIENE TRABAJO NI LO BUSCA](#)
7. [NOVAS DOS PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA](#)
8. [OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA](#)
9. [OUTRAS NOVAS: ACORDO PRAZAS LABORAIS OEP 2016 , OPOSICIÓN POLICÍA NACIONAL](#)
10. [THE WEEKLY PRESS](#)



sumando



1. QUERES RECIBIR AS NOSAS NOVAS NA TÚA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO?

Se aínda non te inscribiches no apartado de suscripción para recibir as nosas novas e publicacións segue os pasos seguintes:

PASO 1

Accede a web <https://www.heraldtoupeiras.es/>



PASO 2

Na barra dereita da navegación vaite ao espazo "Queres recibir as novas novas?"



PASO 3



Pon o teu correo electrónico

PASO 4



Aparecerá a seguinte mensaxe agradecendo o rexistro que deberás de confirmar...

PASO 5



... no correo electrónico de inscrición e na que mostrará unha mensaxe que deberás de confirmar a túa suscripción.

2. ÚLTIMAS INFORMACIÓNS NA NOVA WEB DO HERALD TOUPEIRAS

CSI-F lamenta que comecen as oposicións da Xunta sen unhas mínimas instrucións que eviten a súa arbitrariedade actual e a indefensión dos opositores

A central destaca o desinterese de Función Pública por uns procesos selectivos obxectivos e limpos a pesar de unirse a estas reclamacións o PSdeG e Grupo Mixto. Todos os sindicatos esixen que se retomen as negociacións, paralizadas tras facer públicas CSI-F as sentenzas do TS e TSXG alertando da arbitrariedade. [Ler máis desta entrada](#)

Un informe da UE sobre a mala calidade das augas de baño reforza a denuncia dos FISP sobre a falta de controis da Xunta

Os medios de comunicación recollen hoxe o informe da Comisión Europea e a Axencia Europea de Medio Ambiente sobre a deficiente calidade das augas de baño en moitas zonas de Galicia, informe que reforza a denuncia realizada polos Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública (FISP) sobre as numerosas praias (de coste e fluviais) que esta tempada estival non serán aptas para [...] [Ler máis desta entrada](#)

A provisión de postos por concurso específico é máis obxectiva e menos discrecional que a selección 'a dedo'? As dúbidas de CSI-F

A Xunta presume de que vai nomear aos seus primeiros xefes de servizo sen recorrer á libre designación, é dicir, á selección a dedo, nun artigo publicado no diario Faro de Vigo o pasado día 17 de maio. Na noticia lóase o novo sistema de provisión, recollido na Lei de Emprego Público (lembramos, lei non [...]) [Ler máis desta entrada](#)

La Xunta se compromete a abonar la paga extra de 2013 entre 2016 y 2017 y CSI-F pide que este año se pague al menos el 70% ante la incerteza electoral

El sindicato espera que la Xunta también se sienta a negociar la recuperación de las condiciones económicas y laborales perdidas como el complemento específico de las pagas extras o las condiciones del V Convenio [Leer más de esta entrada](#)

Novas sobre os concursos de traslados e os procesos selectivos de acceso libre e corpos xerais

Tras a reunión mantida co director de Función Pública, e a falta de novas máis concretas respecto dos procesos selectivos e os concursos de traslados, informámosvos dos datos facilitados: CONCURSOS DE TRASLADOS Concurso de traslados de Corpos Xerais: polo anunciado polo director de Función Pública, parece ser que se resolverá en setembro dado que o persoal xa ten asignadas as [...] [Ler máis desta entrada](#)

Non é seguro o baño en numerosas praias galegas nin nas piscinas públicas pola negligencia da Xunta

Os Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública (FISP) denuncian que a falta de controis na auga provoca que estea prohibido o baño en 18 praias galegas. A carencia de equipos provoca que non se realicen análises nas piscinas desde 2010. [Ler máis desta entrada](#)

3. CSI-F PIDE UN PLAN URGENTE PARA REFORZAR AS PLANTILLAS PÚBLICAS E MELLORAR AS SÚAS CONDICIÓN LABORAIS

O presidente da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF), Miguel Borra, pediu o pasado mércores un plan urxente para reforzar os persoais das administracións públicas e mellorar as súas condicións laborais.

MADRID, 25 (EUROPA PRESS)

Así llo trasladou Borra á secretaria de Administracións Públicas do PSOE, Susana Sumelzo, coa que se reuniu este mércores. O encontro enmárcase dentro de rólida de contactos que iniciou este sindicato coas diferentes formacións políticas con opcións de Goberno e de representación parlamentaria para alcanzar un acordo a curto e medio prazo, co fin de mellorar a calidade dos servizos públicos.

No encontro, CSIF interesouse polo **plan** do PSOE **para xerar emprego público**. Para o sindicato, é necesario empezar a deseñar a oferta de emprego público para o próximo ano, tendo en conta que o proxecto de orzamentos xerais do Estado, tradicionalmente preséntase despois do verán.

CSIF valora a proposta do PSOE, á espera de coñecer os detalles, aínda que, advirte de que é necesario **crear emprego de calidade e profesional** en ámbitos como a Administración Xeral do Estado, a Sanidade e a Educación, eliminando dunha vez por todas a taxa de reposición.

"E é que España perdeu 155.841 traballadores desde xaneiro de 2010, cando se empezou a destruír emprego neste sector, o que supón unha **perda de 78 empregos públicos ao día**, cifra equivalente á poboación de cidades como Logroño, Badaxoz ou Salamanca", recorda Borra.

Por outra banda, CSIF chama a atención sobre o "**alto nivel de interinidade**" que se producen nos sectores da Educación e a Sanidade, que sofren fluctuacións de miles de empregos que se dan de baixa na Seguridade Social coa chegada do verán, algo "inaceptable" en ámbitos fundamentais do estado do benestar. Por iso, pide un plan de estabilidade dos servizos públicos.

REXEITA NOVOS RECORTES.

Por outra banda, o sindicato considera que "xa é tempo de pasar páxina" aos recortes e **rexente a posibilidade de que se establezan novos axustes sobre os empregados públicos e os servizos** que reciben os cidadáns como consecuencia das esixencias da UE a España polos obxectivos do déficit.

En definitiva, CSIF defende un acordo para dignificar o papel e as condicións dos empregados públicos tras unha "campaña de desprestixio sen precedentes", e aposta por modernizar as administracións, impulsar a súa eficacia e eficiencia, a transparencia e o rigor na xestión do diñeiro público e con criterios compartidos para evitar cometer no futuro os erros que propiciaron e agravado a crise económica.



4. CALENDARIO ELECTORAL E VOTO POR CORREO PARA AS ELECCIÓNS DO 26 DE XUÑO

O vindeiro 26 de xuño de 2016 celebraranse as décimoterceiras eleccións xerais en España dende a transición á democracia. Temos dereito a votar 36.518.100 cidadáns, 34.597.844 residentes no país e 1.920.256 no estranxeiro.

Os cidadáns estamos chamados a renovar 558 dos 616 escanos que conforman as Cortes Xerais (350 do Congreso dos Deputados e 208 de elección directa do Senado).

A lexislación que actualmente regula os procesos electorais en España é a seguinte:

- Constitución Española de 1978
- Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREG)
- Lei orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, pola que se modifica a Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

| PROVINCIA E GALICIA | Número de electores residentes en | | TOTAL |
|---------------------|-----------------------------------|---------------|--------------|
| | España | Estranxeiro | |
| A Coruña | 934.098 | 153.365 | 1.087.463 |
| Lugo | 284.725 | 63.831 | 348.556 |
| Ourense | 266.077 | 98.388 | 364.465 |
| Pontevedra | 773.231 | 127.982 | 901.213 |
| Total Galicia | 2.258.131 | 443.566 | 2.701.697 |
| Total España | 34.597.844 | 1.920.256 | 36.518.100 |
| Galicia - España | 6,53% | 23,10% | 7,40% |

Congreso dos Deputados

A Constitución establece que o Congreso dos Deputados, elixido cada catro anos, componse dun mínimo de 300 e dun máximo de 400 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e segredo. A circunscrición electoral do Congreso é a provincia. O número total de deputados está fixado pola Loreg - 350 deputados- asignando unha representación mínima inicial a cada circunscrición -2 deputados; 1 no caso de Ceuta e Melilla- e distribuindo os outros 248 en proporción a poboación de dereito. A elección verificarase en cada circunscrición atendendo aos criterios de representación proporcional.

Non se teñen en conta aquelas candidaturas que non obtivesen, polo menos, o 3 % dos votos válidos emitidos na circunscrición. Os representantes asígnanse segundo o sistema d'Hondt. Considérase voto válido todo aquel dado a unha candidatura ou emitido en branco, pero non o voto nulo.

Senado

O Senado é unha Cámara de representación territorial. Ademais dos 206 senadores que son elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e segredo, os órganos legislativos das comunidades autónomas designan un senador e outro por cada millón de habitantes, conformando así un total de 266 senadores.

En cada circunscrición provincial elixíranse catro senadores; nas circunscricións insulares elixíranse tres en Gran Canaria, Mallorca e Tenerife, e un en Ibiza-Formentera, Menorca, Fuerteventura, A Gomera, O Ferro, Lanzarote e A Palma. As poboacións de Ceuta e Melilla elixirán cada unha delas dúas senadores.

A distribución e o número de deputados e senadores na Comunidade Autónoma de Galicia para as eleccións de 2016 quedan fixados da seguinte maneira:

| PROVINCIA | Nº DEPUTADOS | Nº SENADORES | |
|------------------|--------------|--------------|---|
| A Coruña | 8 | 3 | O % refírese a totalidade dos representantes en cada unha das cámaras sen contar os senadores por designación autonómica. |
| Lugo | 4 | 3 | |
| Ourense | 4 | 3 | |
| Pontevedra | 7 | 3 | |
| Total Galicia | 23 | 12 | |
| Total España | 350 | 206 | |
| Galicia - España | 6,57% | 5,82% | |

En resumo, se comparamos as porcentaxes de número total de electores co número de representantes que se elixen, en Galicia estamos por debaixo do número de representantes (6,19%) elixidos fronte ao número total de electores (7,40%). É dicir necesitaríamos de **6 representantes máis** para achegarnos ao porcentaxe número total de electores.

CALENDARIO ELECTORAL

XUÑO 2016

| L | M | M | X | V | S | D |
|----|----|----|----|----|----|----|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 29 | 29 | 30 | | | |

10 de xuño: Arranque da campaña electoral

25 de xuño: Xornada de reflexión

26 de xuño: Eleccións xerais

VOTO POR CORREO

XUÑO 2016

| L | M | M | X | V | S | D |
|----|----|----|----|----|----|----|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 29 | 29 | 30 | | | |

Do 3 de maio ao 16 de xuño: Solicitud de voto por correo

Do 6 ao 19 de xuño: Envío ao elector da documentación para o voto por correo pola Oficina do Censo Electoral

Do 6 ao 22 de xuño: Remisión por electores do voto por correo

JUNTAS ELECTORALES PROVINCIALES - BOE, 25 DE MAIO

Candidaturas presentadas para las elecciones al Congreso de los Diputados y al Senado, convocadas por Real Decreto 184/2016, de 3 de mayo.

5. A XUNTA APROBA O PLADIGA 2016, QUE MANTÉN O ESFORZO NA LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE CARA Á TEMPADA DE RISCO ALTO

- **No verán o operativo estará formado por uns 5.700 efectivos da Xunta, reforzados por persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado, ata completar máis de 7.000 persoas**
- **Como principais novidades, amplíase a 3 anos a duración do convenio cos concellos para a prevención e defensa e farase unha análise da relación entre usos do territorio e lumes nas parroquias de alta actividade incendiaria, 67 en total**
- **Consello deu luz verde ao Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia**

O Consello da Xunta aprobou hoxe as modificacións e actualizacións do Plan de prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2016) para a súa entrada en vigor antes do inicio da tempada de risco alto de lumes, que coincide co verán.

Este plan, que se aproba unha vez escoitado o Consello Forestal de Galicia, ten como principal obxectivo protexer a riqueza forestal galega da lacra dos incendios. Cómpre lembrar que a inmensa maioría dos nosos montes –ao redor do 98%– está en mans de propietarios particulares, polo que defender este recurso implica protexer o patrimonio dos galegos.

O Pladiga 2016 mantén nos seus aspectos esenciais o dispositivo de loita contra o lume en relación con anos anteriores. O seu principal obxectivo é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na nosa comunidade, dentro dos recursos dispoñibles. Ademais, incorpora unha serie de obxectivos específicos orientados a diminuír o número de lumes, o seu tamaño e a superficie afectada, tanto arborizada como rasa.

As principais novidades deste plan para o 2016 teñen que ver coa ampliación a 3 anos da duración do convenio entre Medio Rural e as entidades locais para a súa participación na prevención e defensa contra os lumes e pola creación e regulación da figura das agrupacións de defensa contra incendios forestais. Trátase de promover as organizacións de voluntarios e as asociacións relacionadas co medio rural e o medio forestal e a súa implicación na defensa contra os incendios.

O Pladiga 2016 tamén aposta por poñer en marcha o proceso de análise da relación entre usos do territorio e lumes forestais nas parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI) para a definición e concreción das medidas a implantar. En total, para este ano 2016 son 67 as parroquias deste tipo recollidas na planificación.

Outros aspectos incluídos no Pladiga 2016 están relacionados coas obras de adecuación para a homologación das bases de medios aéreos e o mantemento do esforzo de renovación de equipamentos (desde o ano 2013 renováronse un total de 85 camiións de extinción). Ademais, está prevista a posta en marcha dun novo sistema dixital de comunicacións, integrado na Rede Galega de Emerxencias, e a posta en funcionamento do novo programa informático de xestión integral de incendios en tempo real. A maiores, intensificáronse os esforzos no plan de concienciación e divulgación.

Operativo humano e material

No Pladiga 2016 mantense o operativo humano de prevención e extinción, composto por uns 5.700 efectivos da Xunta na tempada de alto risco de lumes, reforzados por persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado ata completar un dispositivo de máis de 7.000 efectivos. Ademais, contarase con arredor dunha trintena de medios aéreos –entre os propios da Xunta e os que

achega o Estado– e 360 motobombas da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos cales se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

A colaboración con outras administracións mantense tamén e plásmase en diversos convenios de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e coas deputacións provinciais para a implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES); co Ministerio de Defensa, para labores de vixilancia e prevención, e cos concellos, para traballos de prevención e defensa.

6. EL 40% DE LOS ESPAÑOLES EN EDAD LABORAL NI TIENE TRABAJO NI LO BUSCA


Cuatro de cada 10 de personas en edad laboral no buscan empleo

Hay casi 20,5 millones de la población laboral que no produce

Francisco Núñez - El Mundo

EVOLUCIÓN DE LOS INACTIVOS DURANTE LA CRISIS

En miles de personas



FUENTE: INE.

Elena del Real / EL MUNDO

Cada vez hay más población económicamente inactiva en España como consecuencia del envejecimiento de la pirámide laboral y, sobre todo, por la insuficiente oferta de empleo a pesar de la reforma laboral, que ha reducido los costes salariales, y del crecimiento de la economía a tasas desconocidas desde que comenzó la crisis. Todo ello lleva a que sólo haya **18 millones de personas en España (39%) para generar PIB** porque tienen empleo, muchos de ellos en precario (hay, por ejemplo, 2,8 millones con trabajo por horas y 3,7 millones de contratados temporales). Se trata de la masa crítica para producir y son los encargados de sostener a una población total de 46 millones.

Sin embargo, hay 38,5 millones de personas (75% de los habitantes) que se encuentran en edad laboral con más de 16 años. Estas cohortes no van a tener casi reemplazo porque cada vez hay menos jóvenes por debajo de esa edad (7,5 millones).

De esos 38,5 millones de masa laboral potencial, **hay que descontar a los casi 4,8 millones de parados (12,5%) y los casi 15,7 millones (41%) que se encuentran inactivos.** La radiografía laboral que queda es la siguiente: **de cada 10 personas que tienen edad de trabajar 4,7 tienen empleo, 4,1 son pasivos (inactivos) y 1,2 son parados.** Cuando empezó la crisis 5,5 tenían empleo, menos de cuatro eran inactivos y casi el 0,5 estaba en paro. Todo esto significa que por cada ocupado hay ya prácticamente otro inactivo o pasivo (0,9% exactamente). Pero, si sumamos inactivos y parados, el resultado es aún más peligroso para las pensiones, los ingresos del Estado y el PIB. **Hay casi 20,5 millones de la población laboral que no produce realmente.** Es más de la mitad (53,2%) de quienes tienen edad para trabajar, 10 puntos más que cuando comenzó la crisis.

Según datos de la EPA, en el primer trimestre de 2016 se produjo un nuevo repunte de los inactivos. Aumentó en 55.000 sobre diciembre y acumula un alza de 314.000 desde 2007. Se considera inactiva a la población de 16 ó más años que no tiene empleo y que no está parada.

De los 15,7 millones de españoles que no realizan actividad económica alguna, la mitad (7,8 millones) tiene más de 64 años. Lo que significa que se encuentran en la edad del posible retiro laboral, aunque podrían continuar en el trabajo voluntariamente siempre y cuando hubiera esa opción. Respecto a la otra mitad, según datos de Eurostat, **España ocupa el cuarto lugar de los 28 países de la UE con más pasivos por debajo de los 64 años.** Pero, la comparación no es homogénea ya que estos países tienen una población ocupada mucho mayor. Por ejemplo, Francia y Alemania tienen 11,7 millones de inactivos pero al mismo tiempo disponen de 39,6 y 26,1 millones de empleos. Por tanto, **España lidera el ránking de inactivos en Europa.**

POR CLASE EN LA ÚLTIMA LEGISLATURA
En miles de personas




(1): Viudas y huérfanos.
(2): Sin remuneración; la estadística incluye a mayores de 75 años y rentistas.

FUENTE: INE

Elenco del Real / EL MUNDO

NO BUSCAN EMPLEO PORQUE CREEN QUE NO LO VAN A ENCONTRAR

En miles de personas



FUENTE: INE

Elenco del Real / EL MUNDO


¿A que se debe este crecimiento? **El aumento de la población jubilada y prejubilada es una de las causas.** Es la consecuencia de la dificultad por mantener un puesto de trabajo a partir de los 50 años a pesar de que se haya alargado la edad para obtener la pensión. **Hay seis millones de personas (38% de los inactivos totales) en esta situación.** En el último año ha crecido en 83.000 (1,4%) y en 889.000 (17,3%) desde el inicio de la crisis. Pero, este alza se ve compensado por las personas que se dedican a labores del hogar. Hay 3,7 millones y su número se reduce progresivamente por el cambio de sociedad y también porque muchas mujeres demandan empleo (se las computa como activas aunque estén en paro) cuando su pareja sale del mercado laboral. Desde 2007 han desaparecido 1,1 millones inactivos en este grupo (23%) y 24.000 en el último año.

A esta estadística hay que sumar 1,8 millones de viudas y huérfanos (12% de los inactivos) que cobran una pensión distinta a la de jubilación. El número se va reduciendo. Hay 28.000 menos que al principio de la crisis. También hay que sumar a 1,2 millones de trabajadores con incapacidad permanente y 325.000 personas que hacen trabajos sociales sin prestación, rentistas y mayores de 75 años que no reciben ayudas.

En realidad, **el grupo responsable de que aumenten las cifras de inactivos es el de los estudiantes y de quienes realizan cualquier tipo de curso para elevar su nivel de formación** y, sobre todo, porque no encuentran empleo, y menos el adecuado. Es decir, enganchan un curso tras otro a la espera de que remita la contracción laboral. **Hay 2,6 millones (17% de los inactivos) que son estudiantes y otros 330.000 del resto de categorías que siguen cursos.** Nunca había habido en España tantas personas en esta circunstancia. Su número ha aumentado progresivamente con el avance de la crisis. En el último año ha crecido en 35.000 y en 752.000 desde 2007.

LOS QUE CURSAN ESTUDIOS

En miles de personas



FUENTE: INE

Elenco del Real / EL MUNDO

7. NOVAS DOS PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA

| FUNCIONARIOS: CORPOS XERAIS | | | |
|-----------------------------|--------------|---|--------------------------------------|
| C2 | Libre | C. AUXILIAR da Admón. xeral | Nomeamento do tribunal |
| C1 | Libre | C. ADMINISTRATIVO da Admón. xeral | Nomeamento do tribunal |
| A2 | Libre | C. XESTIÓN da Admón. xeral | Nomeamento do tribunal |
| A1 | Libre | C. SUPERIOR da Admón. xeral | Nomeamento do tribunal |
| C2 | P. Interna | C. AUXILIAR da Admón. xeral | Formulario do 1º exercicio |
| C1 | P. Intena | C. ADMINISTRATIVO da Admón. xeral | Formulario do 1º exercicio |
| FUNCIONARIOS: ESCALAS | | | |
| A1 | Libre / P.I. | Finanzas | 1º exercicio, 11 de xuño as 10.30 h. |

8. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

| Concello | Boletín | Data | Denominacións dos postos | Nº | Sistema de selección | Prazo |
|---------------------------------------|---------|------|---|-----------------------|----------------------|----------------------------------|
| ARZÚA | BOPAC | 27-M | Operarios servizos varios | 3 | Concurso e oposición | 10 días hábiles |
| O BARCO DE VALDEORRAS | DOG | 27-M | Policía local | 2 | Oposición | 20 días naturais publicación BOE |
| BANDE | BOPOU | 26-M | Xefe brigada incendio Peón-condutor incendio Peóns brigada incendio | 1 1 2-4 | Concurso de méritos | 8 días naturais |
| BANDE | BOPOU | 26-M | Axuda no fogar e atención a dependentes | BOLSA | Concurso de méritos | 7 días naturais |
| BURELA | BOPLU | 24-M | Ofic. 1ª mantemento servizos | 1 | Concurso e oposición | 10 días naturais |
| CALVOS DE RANDÍN | BOPOU | 27-M | Peóns mantemento espazos naturais Condutores coche-bomba Aux. axuda a domicilio | 12 2 6 | Concurso de méritos | 3 días naturais |
| O CORGO | BOPLU | 27-M | Xefe de brigada Peón condutor Peóns brigada Condutores tractor-desbroz. Peóns forestais | 1 1 4 2 2 | Oposición | 10 días hábiles |
| LUGO | BOPLU | 26-M | Ofic. condutor/a maquinista | LISTAS | Concurso e oposición | 10 días naturais |

| | | | | | | |
|---|----------------|-------------|---|------------------|--|------------------|
| MACEDA | BOPOU | 28-M | Socorristas piscina | 2 | Concurso | 5 días hábiles |
| MARÍN | BOPPO | 23-M | Bolsa oficina turismo | 1 | Concurso oposición ^e | 5 días hábiles |
| MEAÑO | BOPPO | 25-M | Monitor de tempo libre Coidador campamento Operario limpador piscina | 5 1 1 | Concurso, oposición ^e entrevista | 10 días naturais |
| MONFERO | BOPAC | 24-M | Socorrista acuático | LISTAS | Oposición | 8 días naturais |
| O PÁRAMO | BOPLU | 24-M | Auxiliares de axuda ao fogar | BOLSA | Concurso oposición ^e | 15 días naturais |
| RAIRIZ DE VEIGA | BOPOU | 26-M | Socorrista para a piscina | 1 | Concurso de méritos | 5 días naturais |
| SANDIÁS | BOPOU | 27-M | Auxiliar de axuda ao fogar | BOLSA | Concurso de méritos | 5 días naturais |
| SANDIÁS | BOPOU | 27-M | Auxiliar atención edificios | 2 | Concurso | 10 días naturais |
| TUI | BOPPO | 27-M | Tco. medio información turística | 1 | | 7 días hábiles |
| VIANA DO BOLO | BOPOU | 27-M | Secretaría-Intervención-A1 | 1 | Concurso de méritos | 20 días naturais |
| VILAMARÍN | BOPOU | 27-M | Auxiliar axuda no fogar | 1 | Concurso | 5 día naturais |
| XUNQUEIRA DE AMBÍA | BOPOU | 23-M | Encargado Socorrista acuático | 1 1 | | 5 días naturais |
| DEPUTACIÓN DA CORUÑA | BOPAC | 27-M | Analista programador (C1) | LISTAS | Oposición | 20 días naturais |
| DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | BOPPO | 23-M | Lic./Grao Bioloxía | BOLSA | Concurso oposición ^e | 15 días naturais |
| DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | BOPPO | 24-M | Xornalista web, A1 Tco. en documentación, A1 Tco. relacións públicas, A1 Auxiliar tc. informático, C2 | 1 1 1 1 | Concurso oposición ^e | 20 días naturais |
| Entidade | Boletín | Data | Denominacións dos postos | Nº | Sistema de selección | Prazo |
| Autoridade Portuaria Vigo | DOG | 24-M | Policía portuaria | 1 | Concurso de méritos | 7 días hábiles |
| Autoridade Portuaria Vigo | DOG | 24-M | Policía portuaria | BOLSA | Concurso oposición ^e | 10 días naturais |
| Mancomunidad de municipios Terra Celanova | BOPOU | 28-M | Axuda no fogar, educador social, traballador social, administrativo, auxiliar administrativo, bombeiro, condutor motobomba, condutor, peón recollida, condutor e peón | BOLSA | Concurso | 15 días naturais |

9. OUTRAS NOVAS: ACORDO PRAZAS LABORAIS OEP 2016 , OPOSICIÓN POLICÍA NACIONAL

| | |
|---|---|
| <p>OEP 2016 PERSOAL LABORAL XUNTA</p> | <p>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA - DOG, 24 DE MAIO Resolución do 3 de maio de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo entre a Administración e as organizacións sindicais CC.OO., UGT e CSIF sobre o incremento de prazas para a OPE de 2016 na promoción interna para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o incremento da promoción interna das prazas acumuladas da OPE 2015 nos procesos da OPE de 2016 e a quenda específica de discapacidade intelectual.</p> |
| <p>Oposiciones Policía Nacional 2016 2.600 plazas !!</p> | <p>MINISTERIO DEL INTERIOR - BOE, 25 DE MAYO Resolución de 10 de mayo de 2016, de la Dirección General de la Policía, por la que se convoca oposición libre para cubrir 125 plazas de alumnos de la Escuela Nacional de Policía, aspirantes a ingreso en la Escala Ejecutiva, categoría de Inspector, del Cuerpo Nacional de Policía.</p> |

10. THE WEEKLY PRESS

[La Xunta se compromete a abonar la extra de 2013 en dos pagos al 50 % este año y en 2017](#) LA REGIÓN

[Sanidade cifra en un 67% los farmacéuticos inspectores que siguen la huelga indefinida](#) LA OPINIÓN

[Denuncian "boicot" de Sanidade con "órdenes ilegales" al paro de farmacéuticos inspectores](#) LA OPINIÓN

[Galicia no logra controlar la calidad de las aguas en 33 puntos negros](#) LA VOZ

[El empleo público cae por primera vez en democracia en el mandato de Rajoy](#) ABC

[CSIF pide un plan urgente para reforzar las plantillas públicas y mejorar sus condiciones laborales](#) EXPANSIÓN

[CSIF pide un plan urgente para reforzar las plantillas públicas y mejorar sus condiciones laborales](#) LA VANGUARDIA

[El CSIF no permitirá que los recortes de Bruselas vayan a los servicios públicos](#) EL DIARIO

[CSIF pide un plan urgente para reforzar las plantillas públicas y mejorar sus condiciones laborales](#) PERIODISTA DIGITAL

[La Xunta cuadruplica las denuncias por cambios de uso del suelo tras un incendio](#) FARO DE VIGO

[CSIF reprocha a Cataluña que gaste más en embajadas que en sus funcionarios](#) EL CONFIDENCIAL

[Otro estallido de violencia «okupa» en Barcelona deja 11 heridos y cuestiona la gestión de Colau](#) ABC

[Ciudadanos compara al Ayuntamiento de Madrid con el régimen nazi](#) EL DIARIO.ES

[Trabajadoras y opositores ven como un «varapalo» a Antelo la sentencia laboral del SAF de Vimianzo](#) LA VOZ - ED. CARBALLO

[Anulada la modificación horaria de la Policía Local de Vimianzo](#) LA VOZ - ED. CARBALLO



CSI-F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autónoma Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
lugo@csi-f.es



CSI-F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ourense@csi-f.es

www.heraldtoupeiras.es



2016

